

RESOLUCIÓN DE AUTORIZACIÓN DA DIFUSIÓN DA CAMPAÑA DE VIXILANCIA DA SAÚDE

Ref.: PRÓRROGA ED-SLEPVS – (4ª CVS)

Campaña de vixilancia da saúde laboral do curso 2022/2023

Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se autoriza a difusión da campaña de vixilancia periódica da saúde para o persoal traballador, docente e non docente, que presta servizos en centros docentes públicos non universitarios, dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

De acordo co disposto no artigo 22 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, modificada pola Lei 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais, o empresario garantirá ao persoal traballador ao seu servizo a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao traballo. A vixilancia da saúde do dito persoal só poderá levarse a cabo cando o traballador preste o seu consentimento, agás nos supostos contemplados legalmente, e en todo caso, deberase respectar o seu dereito á intimidade e á dignidade, así como a confidencialidade de toda a información relacionada co seu estado de saúde.

O Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, establece no seu artigo 19.2.3 que o Servizo de Persoal de Administración e Servizos da dita Consellería realizará as funcións de vixilancia da saúde respecto do persoal que presta servizos nos centros docentes públicos, non universitarios, dependentes da Consellería Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Con base no dito con anterioridade, difúndese esta convocatoria da campaña de vixilancia periódica da saúde no ámbito educativo para o persoal docente e non docente, que presta os seus servizos en centros docentes públicos, non universitarios, dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e



Universidades, mediante a súa publicidade na páxina web oficial desta Consellería e o envío das instrucións respectivas aos ditos centros, e de acordo coas seguintes premisas:

Primeira. Obxecto

Prestación da vixilancia periódica da saúde ao persoal docente e non docente destinado en centros docentes públicos non universitarios, dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en función dos riscos inherentes ao traballo, segundo o disposto no artigo 22 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

Segunda. Ámbito de aplicación

É aplicable ao persoal docente e non docente (funcionario e laboral) en activo, que presta servizos nos centros docentes públicos non universitarios, dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Terceira. Inscripción

A inscrición ten carácter voluntario, polo que se realizará previa solicitude das persoas interesadas conforme as instrucións deste procedemento publicadas na páxina web oficial da Consellería e enviadas aos distintos centros de traballo. As/os responsables dos distintos centros de traballo facilitarán a axuda e a información necesaria para a inscrición do seu persoal traballador.

A dita inscrición realizarase de forma telemática no formulario de solicitude de recoñecemento médico que está dispoñible na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no seguinte enlace:
<https://revisionmedicaeducacion.xunta.gal>

A solicitude de inscrición debe incluír todos os datos que figuren no formulario. A falta dalgún deles impedirá a súa tramitación.

Finalizado o procedemento de solicitude de recoñecemento médico e realizada correctamente a inscrición, xerarase un xustificante de consentimento que se deberá presentar asinado o día seleccionado para realizar a analítica.



O prazo xeral de inscrición será de vinte (20) días naturais a partir do día seguinte ao da difusión desta campaña na páxina web oficial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (www.edu.xunta.gal).

Cuarta. Citacións

A cita da analítica poderase modificar do mesmo xeito que se solicitou, unha soa vez, consonte ás instrucións do procedemento de solicitude dos recoñecementos médicos, e sempre que se faga antes dos cinco (5) días naturais previos á data da cita primeiramente escollida.

A anulación da dita cita implica a renuncia ao dereito a realizar o recoñecemento médico nesta campaña.

A falta de asistencia á cita implicará, agás causa de forza maior debidamente xustificada ante o Servizo de Prevención de Riscos Laborais desta Consellería, dentro do prazo de cinco (5) días naturais posteriores á data escollida para a analítica, que o/a traballador/a renuncia ao recoñecemento médico de forma voluntaria.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela,

O director xeral de Centros e Recursos Humanos
Jesús Manuel Álvarez Bértolo

